

Programación cultural

13 de marzo - 13 de abril de 2014

Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo.

XOVES, 13 DE MARZO, 20.30 H.

TEATRO DE HUMOR - MONÓLOGO

GABINO DIEGO

“Una noche con Gabino (Diez años después)”

Gabino retorna cunha velada teatral na que nos mergulla nun divertido percorrido por fábulas urbanas: personaxes, situacións, imitacións e cancións cos que nos convida a asomarnos á creación mesma do propio espectáculo.

A busca do fío condutor e da mensaxe da obra é a excusa perfecta para compartir co público a súa creatividade e humor, contaxiando a súa alegría e desvelándonos un actor versátil e un gran comunicador.

O obxectivo desta comedia cúmprese por completo: manter o sorriso sen desmedro da reflexión e a emoción.

Duración: 90 minutos.

SÁBADO, 15 DE MARZO, 20.30 H.

CONCERTO

SON DE SEU

“Danzas Brancas”

Sondeseu é a primeira orquestra estable de Europa con repertorio folk: unha formación de corenta músicos que interpretan música tradicional de Galicia arranxada especificamente para unha ampla variedade de instrumentos: zanfonas, arpas, gaitas, voces, percusións, violíns, bouzoukis, contraabaixo e requintas.

Coa edición do seu cuarto disco, *Danzas Brancas*, Sondeseu confirma a consolidación dun proxecto no que espectáculo e virtuosismo camiñan da man.

Duración: 90 minutos.

SÁBADO, 22 DE MARZO, 20.30 H.

TEATRO AFECCIONADO

Dirección: Ventura Pérez

Reparto: Mariví Alonso, Manuel Carreira, Javier Carreiro, Juana Domínguez, Carmen Esteban, Juan Villalobos.

CON BUEN PIE
“Yo odio a Hamlet”
de Paul Rudnick

A quen lle interesa o teatro clásico, o Hamlet de Shakespeare, na actualidade?
O conflito que a obra presenta, en clave de comedia tremendamente hilarante, permítenos reflexionar sobre algo tan actual coma a aceptación de programas televisivos de baixa calidade que unha parte da poboación critica pero que, sen embargo, son asumidos como algo inevitable. Programas banais, de contido zafio e carente de valores éticos ou artísticos que admitimos sen máis. Por outro lado, en “Yo odio a Hamlet” reflexiónase sobre a actitude do artista na nosa sociedade, unha figura que en certo modo adquire un compromiso, non só coa súa arte senón tamén co contorno social que o rodea.

LUNS, 24 DE MARZO

XIV FESTIVAL XUVENIL EUROPEO DE TEATRO GRECOLATINO

Dirixido a rapaces de entre 15 e 17 anos dos institutos, preinscritos, co obxectivo da difusión da literatura grega e romana a través do teatro.

12.00 h.

HIPSÍPILA, de Eurípides - Grupo Komos, Valencia

17.00 h.

AULULARIA, de Plauto - Grupo Noite Bohemia, A Coruña

MARTES, 25 DE MARZO

XIV FESTIVAL XUVENIL EUROPEO DE TEATRO GRECOLATINO

12.00 h.

CÁSINA, de Plauto - Grupo Noite Bohemia, A Coruña

17.00 h.

ANFITRIÓN, de Plauto - Grupo Noite Bohemia, A Coruña

MÉRCORES, 26 DE MARZO

XIV FESTIVAL XUVENIL EUROPEO DE TEATRO GRECOLATINO

12.00 h.

TROYANAS, de Eurípides - Grupo El Ruiseñor, A Coruña

17.00 h.

ASAMBLEÍSTAS, de Aristófanes - Grupo El Ruiseñor, A Coruña

SÁBADO, 29 DE MARZO, 20.30 H.

TEATRO

Convenio Concello de Lugo - Agadic

Dirección: Xesús Ron

Elenco artístico: Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Mónica García, Arantza Villar, Iván Marcos, Borja Fernández, Pepe Penabade

CHÉVERE **“Eurozone”**

Eurozone é unha farsa teatral sobre a crise da zona euro, sobre o fin da idea de Europa tal e como a entendemos ata agora, sobre un sistema democrático deslexitimado que só conta coa cidadanía para ir votar cada certo tempo, sobre unha clase dirixente que só exerce o poder no seu propio beneficio, sobre o secuestro da democracia por parte do sector financeiro. Eurozone alimentouse da nosa perplexidade como cidadáns, da nosa impotencia, da nosa carraxe e da necesidade de desafogar a ira en forma de humor.

Eurozone é un achegamento ao gran atraco especulativo ao máis puro estilo Tarantino e co referente directo de Reservoir Dogs. Poñamos que un grupo de persoas que representan á clase dirixente europea acaban de cometer o atraco do século. E imaxinemos que, contra todo pronóstico, algo saíu mal. Entón collemos a esta xenta e a metemos nun deses edificios de autor, monumentais e inútiles, que tanto lles gustan, unha cidade da cultura, unha cidade das artes ou simplemente un casino sen inaugurar... E facemos estoupar as súas fráxiles relacións, e intentamos comprender a lóxica das súas decisións ou retratar a súa psicose utilizando contra eles a nosa indignación. Quen é o señor azul da política europea? Quen é o señor marrón das finanzas? Quen é o señor branco da diplomacia?

Duración: 90 minutos.

MARTES 1 E MÉRCORES 2 DE ABRIL

XX FESTIVAL DE TEATRO UNIVERSITARIO

XOVES, 3 DE ABRIL, 20.30 H.

TEATRO

Convenio Concello de Lugo - Agadic

Autor: Elaine Murphy

Dirección: Álvaro Lavín

Adaptación: Avelino González - Olga Nogueira

Elenco artístico: Elna Luaces, Rocío González, Mercedes Castro.

EME2 **“Meu ben”**

Amor, sexo, un nacemento, morte e clases de salsa. Tres xeracións de mulleres. Un ano extraordinario.

Amber vive sen preocupacións, recién saída do instituto, está no mellor da vida, mocea cun tal Paul e anda de festa rachada. Ata que sofre unha molesta “indigestión”. Á súa nai Lorraine atácaa un cliente no traballo polo que ten que visitar un “médico da cabeza” que lle receita facer algo bo para ela mesma unha vez por semana.. É hora de se apuntar a clases de salsa. A avoa Kay, pola súa banda, tenta sentirse viva nos frustrantes sesenta mentres coída do seu marido enfermo. Tres xeracións de mulleres de clase media contan a historia dun ano extraordinario.

Duración: 80 minutos.

VENRES, 4 DE ABRIL

XX FESTIVAL DE TEATRO UNIVERSITARIO

SÁBADO, 5 DE ABRIL, 18.30 H.

MÚSICA - CONCERTO DE ROCK DIDÁCTICO

Convenio Concello de Lugo - Agadic

Miguel Rivera: Guitarra e voz; Javi Vega: Baixo; Pablo Cabra: Batería; César Díaz: Teclado, percusións, coros y arranxos; Elena F. Orellana: Presentadora-animadora

MAGA KIDS

Un espectáculo de Maga especialmente dirixido ao público infantil (de 0 a ¡100! anos). Maga Kids é un concerto ao uso de Maga que conta para a ocasión coa presenza dunha narradora/animadora que interactúa co grupo e coas nenas e nenos para explicarlles cómo se compón unha canción, en qué consiste o ritmo e a melodía ou cómo a música nos transmite diferentes estados de ánimo, todo esto tomando como exemplo as cancións.

Con esta iniciativa o grupo pretende realizar un labor de difusión cultural entre os máis cativos achegándolles un tipo de música (pop-rock) á que normalmente non teñen acceso ben por non recibir apoio dos medios maioritarios ben porque se realiza en lugares e horarios impropios para a súa idade (menores de 18).

Duración: 50 minutos.

LUNS 7 A MÉRCORES 9 DE ABRIL

XX FESTIVAL DE TEATRO UNIVERSITARIO

VENRES, 11 DE ABRIL

MÚSICA E DANZA

CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA DE LUGO

“MIHLSons - XXI”

Concerto didáctico ás 11.00 horas

Concerto ás 20.30 horas

- Grupo de Percusión do Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes.
 - Grupo de Danza Contemporánea do Conservatorio Profesional de Danza de Lugo.
- Alba Felpete, Ana Belén Ferreiro, Raquel González e Reyes González, coreografías.
Diego Ventoso, dirección musical

MOVING INTO A NEW AGE

Esta proposta pretende introducirnos na música de Steve Reich, e máis concretamente nunha das súas obras clave: “Drumming”, que pasa por ser tamén unha das obras máis senlleiras da música do século XX.

DOMINGO, 13 DE ABRIL, 20.30 H.

TEATRO AFECCIONADO

Dirección: Lola Fernández

Elenco: Laura García, Raquel López, María Grandío, Mar Freire, Esther Pedrouzo e Lola Fernández

NOSTRUM CAI TEATRO
“Alba. A Casa Pechada”

“Silencio. En oito anos que dure o loito non vai entrar nesta casa o vento da rúa. Así foi na casa do meu pai e na casa do meu avó. Iso ten ser muller”

Malditas sexan as mulleres.

Tres irmás privadas de liberdade desatan celos e paixóns. Desafían a moral establecida e o despotismo dunha nai que se interpón entre elas e os homes. O intento por quebrar a tiranía da nai á que non poden vencer leva a un destino trágico.

VENDA DE ENTRADAS

GABINO DIEGO, 13 DE MARZO

CHÉVERE, 29 DE MARZO

EME2, 3 DE ABRIL

MAGA KIDS, 5 DE ABRIL

Venda de entradas: a través de www.entradas.lugo.es, servidor de venda de entradas do Concello de Lugo e recollida no Centro de Interpretación da Muralla, CIM, situado na praza do Campo, número 11, en horario de luns a domingo, das 11.00 ás 13.30 horas, e das 16.00 ás 17.30 horas. O día da representación ata as 13.00 horas no CIM e 1 hora antes da función no Auditorio Municipal.

GABINO DIEGO - Prezo: Zona A: 10 € Zonas B e C: 8 €

CHÉVERE e EME2 - Prezo único 5 €

Para as tres funcións mencionadas con anterioridade, resérvanse para venda directa no Auditorio unha hora antes do espectáculo, 200 entradas para os seguintes colectivos aos que se lles vai facer un desconto de 2 €: persoas en paro, menores de 30 anos e xubiladas, que deben acreditarse.

MAGA KIDS - Prezo único 2 €

SON DE SEU, 15 DE MARZO

Venda de entradas: <http://entradas.novagaliciabanco.es>

Importe: 7 € anticipada; 10 €, o día do concerto.

CON BUEN PIE, 22 DE MARZO

NOSTRUM CAI TEATRO, 13 DE ABRIL

Venda de entradas: Desde unha hora antes do espectáculo, no Auditorio Municipal Gustavo Freire.

Importe: 5 €

Actividades no MIHL

- Exposición 8MIHL



- Próxima exposición: Carlos Bóveda, pintura.

Informarse oportunamente da data de inauguración, a mediados de marzo.

- Ciclo de cine sobre xénero, ás 19.00 horas.

8 de marzo - Princesas, de Fernando León de Aranoa.

15 de marzo - O sorriso de Mona Lisa, de Mike Newell.

22 de marzo - Yentl, de Bárbara Streisand.

29 de marzo - Ágora, de Alejandro Amenábar.

- Na cafetería do MIHL:

3 de abril - Primeira cata literaria con Lorenzo Silva.

Haberá catas literarias todos os primeiros xoves de cada mes, excepto no mes de agosto.

Consultar Web Blog www.MIHLCatasLiterarias.com e no 010

- Na Caixa Negra:

5 e 6 de abril - XX Festival Internacional de Teatro Universitario - Lugo*Cultural

11 e 12 de abril - XII Encontro Universitario de Danza Contemporánea da USC